

Primaria

APRENDER É CRECER

XUNTOS 1

Programación

Unidade 7

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

O último dragón

Descrición da unidade

O mesmo que no tema 4, a lectura inicial desta unidade é un conto con pictogramas. Dada a evolución da secuenciación das letras, os alumnos xa son quen de ler un texto máis completo.

Nesta unidade imos traballar, na parte de Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais, os amigos e as relacións sociais, e os dereitos e deberes como cidadáns; na parte de Lingua, as últimas letras que faltan (*ñ, h, f*) e os dígrafos (*nh, ll, ch*); a partir deste tema comezará o traballo cos grupos consonánticos. No apartado gramatical **Estudo a lingua** veremos o artigo indefinido. No apartado de expresión oral e escrita, **Falo e escribo**, traballarase a descrición, en concreto dun animal. Os contidos traballados en cada unidade seguen de forma case paralela a secuencia das Ciencias Naturais e Sociais, polo que o traballo de textos descritivos céntrase nos mamíferos, para seguir así a orde de Ciencias Naturais.

A **Tarefa** do final da unidade vai centrarse no patrimonio arquitectónico popular, en especial algunhas construcións ben recoñecibles no noso contorno como a palloza, o pazo, o pombal e o hórreo.

Temporalización:

Xaneiro: Febrero:

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

LINGUA

- escoitar e comprender un conto de forma oral e poder ler o extracto escrito que se incorpora na páxina inicial da unidade.
- Ler con fluidez e pronunciando correctamente palabras, frases e textos breves formadas coas consoantes e dígrafos estudados nesta unidade.
- Escribir con corrección as consoantes e os dígrafos que se estudan nesta unidade: *ñ, h, nh, f, ll, ch*.
- Completar frases e textos coas letras e dígrafos estudados.
- Ler con eficacia frases e textos e responder axeitadamente ás preguntas de comprensión lectora.
- Interiorizar, de forma non teórica, o concepto de artigo indefinido.
- Redactar someramente breves textos descritivos, en concreto a descrición de animais.
- Enriquecer o vocabulario referido as construcións tradicionais e os medios de transporte.

CIENCIAS DA NATUREZA

- Coñecer as principais características dos mamíferos.
- Distinguir entre animais domésticos e salvaxes.
- Diferenciar o modo de alimentación dalgúns animais.

CIENCIAS SOCIAIS

- Valorar a importancia dos amigos.
- Coñecer algunhas agrupacións da localidade.
- Diferenciar entre os dereitos e os deberes das persoas.

3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

LINGUA

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
<ul style="list-style-type: none"> • Lectura. <ul style="list-style-type: none"> • Conto tradicional: <i>O último dragón</i> • Comprensión da lectura. • As letras e os dígrafos: <i>ñ, nh, h, f, ll, ch.</i> • Estudo a lingua. <ul style="list-style-type: none"> • O artigo indefinido. • Falo e escribo. <ul style="list-style-type: none"> • Descrición dun animal. • Tarefa. <ul style="list-style-type: none"> • Construcións tradicionais galegas. 	1. escoitar e comprender un conto.	1.1. escoita e comprende un conto. 1.2. Le o texto coa axuda do pictograma. 1.3. Identifica feitos do relato de forma correcta. 1.4. Ordena a secuencia de sucesos do conto. 1.5. Dialoga cos compañeiros sobre feitos relacionados co conto da unidade.
	2. Recoñecer auditivamente as consoantes e os dígrafos <i>ñ, nh, h, f, ll, ch.</i>	2.1. Recoñece as consoantes e os dígrafos e a súa localización na palabra.
	3. Ler con fluidez e pronunciando correctamente palabras e pequenos textos formadas coas vogais e as consoantes estudadas.	3.1. Le con fluidez e pronunciando correctamente palabras e frases formadas coas consoantes estudadas; atendendo á pronunciación correcta do <i>nh</i> velar.
	4. Escribir con corrección palabras e frases formadas coas vogais e as consoantes estudadas.	4.1. Escribe con corrección palabras e frases formadas coas vogais en maiúscula e en minúscula. 4.2. Escribe correctamente palabras con <i>h</i> e <i>nh</i> .
	5. Interioriza, de forma non teórica, o concepto de artigo indefinido.	5.1. Recoñece e emprega o artigo indefinido.
	6. Redactar pequenas descricións de animais de acordo cunhas pautas para ordenar e expoñer a información.	6.1. Escribe pequenas descricións de animais de acordo cunhas pautas para ordenar e expoñer a información.

	7. Le e aprende e comenta datos sobre as construcións tradicionais galegas.	7.1. Dialoga cos compañeiros sobre as construcións tradicionais galegas. 7.2. Le os contidos sobre o hórreo e debúxao.
--	---	---

CIENCIAS DA NATUREZA

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliados
<ul style="list-style-type: none"> • Características e formas de vida de distintos tipos de animais: os mamíferos. • As relacións dos seres humanos cos animais. • Utilización de diferentes fontes de información (directas e indirectas). 	1. Recoñecer e clasificar con criterios elementais os animais mamíferos aplicando a información obtida a través de diversos medios.	1.1. Identifica as principais características dos animais mamíferos. 1.2. Clasifica distintos animais mamíferos segundo o seu tipo de alimentación.
	2. Recoñecer a diferenciación entre animais domésticos e salvaxes.	2.1. Coñece e nomea algúns animais domésticos e salvaxes. 2.2. Completa a ficha dun animal na que se recolle o que aprendeu.
	3. Obter información relevante sobre os mamíferos, integrando datos de observación directa e indirecta e a partir da consulta de fontes básicas.	3.1. Utiliza adecuadamente a información obtida e o vocabulario traballado.

CIENCIAS SOCIAIS

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliados
<ul style="list-style-type: none"> • Pertenza aos grupos sociais máis próximos: os amigos; grupos deportivos, recreativos e culturais da localidade. • Dereitos e deberes das persoas. 	1. Recoñecer a súa pertenza a un grupo de iguais apreciando as súas características e trazos propios.	1.1. Respecta aos demais e as normas básicas de convivencia.
	2. Participar en actividades de grupo, respectando os principios básicos de convivencia.	2.1. Participa nas actividades de grupo e respecta as normas de convivencia.

	<p>3. Respetar a diversidade de grupos humanos e valorar a importancia dunha convivencia pacífica e tolerante entre todos eles sobre a base dos valores democráticos e os dereitos humanos universalmente compartidos.</p>	<p>3.1. Respeita e asume os valores democráticos e os dereitos humanos universalmente compartidos.</p>
	<p>4. Valorar a cooperación e o diálogo como forma de evitar e resolver conflitos, fomentando os valores democráticos.</p>	<p>4.1. Valora a importancia dunha convivencia pacífica e tolerante entre os diferentes grupos humanos e propón estratexias para resolver conflitos.</p>

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF)

LINGUA

Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. escoita e comprende un conto.	<ul style="list-style-type: none"> • Audición do conto <i>O último dragón</i> da páxina inicial. • Actividades do LD sobre o texto que inicia a unidade e animación sobre as imaxes. • Ampliación de contidos coa lenda tradicional, <i>A Coca de Redondela</i>, e cantigas que falan desta localidade (<i>O carballo do Galleiro</i>, <i>Vexo Vigo</i>, <i>vexo Cangas</i>, <i>Polo mar de Redondela</i>) da PD.
1.2. Le o texto coa axuda dos pictogramas.	<ul style="list-style-type: none"> • Lectura do texto que se inclúe na lámina inicial.
1.3. Identifica feitos do relato de forma correcta.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividade da epígrafe “Comprendo a lectura” para identificar feitos relevantes do relato.
1.4. Ordena a secuencia de sucesos do conto.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividade da epígrafe “Comprendo a lectura” para ordenar a secuencia de sucesos do relato.
1.5. Dialoga cos compañeiros sobre feitos relacionados co conto da unidade.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividade de “Intelixencia interpersonal” do LA para dialogar cos compañeiros sobre o tema do conto.
2.1. Recoñece as consoantes e os dígrafos e a súa localización na palabra.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de lectoescritura do LA. • Actividades da PD. • Actividades do LD. • Actividades de reforzo (R) e ampliación (A).
3.1. Le con fluidez e pronunciando correctamente palabras e frases formadas coas consoantes e os dígrafos estudados, atendendo á pronunciación correcta do <i>nh</i> velar.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de lectoescritura do LA. • Actividades de lectoescritura, xogos, trabalinguas (<i>Nai e filla...</i>, <i>Cinco figafarzos...</i>, <i>Gancho reviragancho...</i>), poemas de Gloria Sánchez e Xoán Neira (<i>Nunha noceira</i>, <i>Os farois da miña rúa</i>, <i>A chuvía</i>) e actividade de aprendizaxe cooperativa da PD.

	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades do LD. • Actividades de reforzo (R) e ampliación (A).
4.1. Escribe con corrección palabras e frases formadas coas consoantes e os dígrafos en maiúscula e en minúscula.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de lectoescritura do LA. • Actividades da PD. • Actividades do LD. • Actividades de reforzo (R) e ampliación (A).
4.2. Escribe correctamente palabras con <i>h</i> e <i>nh</i> .	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de lectoescritura do LA. • Actividades da PD. • Actividades do LD. • Actividades de reforzo (R) e ampliación (A).
5.1. Recoñece e emprega o artigo indefinido.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de lectoescritura do LA. • Actividades da PD.
6.1. Escribe pequenas descrições de animais de acordo cunhas pautas para ordenar e expoñer a información.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de redacción do LA. • Actividades da PD. • Actividades do LD.
7.1. Dialoga cos compañeiros sobre as construcións tradicionais galegas.	<ul style="list-style-type: none"> • Lectura e/ou audición do texto do LA. • Realización da actividade oral do LA. • Actividades da PD.
7.2. Le os contidos sobre o hórreo e debúxao.	<ul style="list-style-type: none"> • Lectura e/ou audición do texto do LA. • Realización da actividade do LA. • Actividades do LD. • Actividades da PD.

CIENCIAS DA NATUREZA

Estándares de aprendizaxe avaliados	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Identifica as principais características dos animais mamíferos.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Fichas de reforzo e de ampliación dos RF. • Actividades e xogos propostos na PD. • Actividade de traballo cooperativo <i>Xogo de palabras</i> da PD.
1.2. Clasifica distintos animais mamíferos segundo o tipo de alimentación.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Ficha de ampliación dos RF. • Actividades e xogos propostos na PD.
2.1. Coñece e nomea algúns animais domésticos e salvaxes.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividades e xogos propostos na PD. • Fichas de reforzo e de ampliación dos RF.

2.2. Completa a ficha dun animal na que se recolle o que aprendeu.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividade do LA. • Actividades propostas na PD.
3.1. Utiliza adecuadamente a información obtida e o vocabulario traballado.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividades propostas na PD.

CIENCIAS SOCIAIS

Estándares de aprendizaxe avaliados	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Respecta os demais e as normas básicas de convivencia.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Ficha de reforzo dos RF. • Actividades e xogo propostos na PD.
2.1. Participa nas actividades de grupo e respecta as normas de convivencia.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividades e xogo propostos na PD. • Ficha de reforzo dos RF.
3.1. Respecta e asume os valores democráticos e os dereitos humanos universalmente compartidos.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividades propostas na PD. • Ficha de ampliación dos RF.
4.1. Valora a importancia dunha convivencia pacífica e tolerante entre os diferentes grupos humanos e propón estratexias para resolver conflitos.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividades propostas na PD.

5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.	Utiliza a comunicación non verbal de forma efectiva e correcta entre compañeiros.
	Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás.	Escribe textos sinxelos como descrições de animais de forma ordenada e pautada.
	<i>Plan lector:</i> Gozar coa lectura.	Comprende os textos de lectura da unidade: conto, poemas, cantigas...
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	Manexar a linguaxe matemática con precisión.	Sabe expresar con claridade e precisión datos e informacións.
	Respectar e preservar a vida dos seres do seu contorno.	Manifesta actitudes de respecto cara aos animais.
<i>Competencia dixital.</i>	Manexar ferramentas dixitais para a construción do coñecemento.	Realiza as actividades interactivas vinculadas á unidade.
<i>Aprender a aprender.</i>	Xestionar os recursos e motivacións persoais en favor da aprendizaxe.	Móstrase interesado por ampliar os coñecementos presentados.
	<i>Intelixencias múltiples:</i> Intelixencia interpersonal.	Dialoga cos compañeiros sobre aspectos derivados da lectura.
<i>Sentido da iniciativa e espírito emprendedor</i>	Priorizar a consecución de obxectivos grupais a intereses persoais.	Intégrase ben nos traballos de grupo
	Participar nas dinámicas e xogos de grupo.	Aprende xogos tradicionais e práctícaos cos compañeiros.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Coñecer e aplica dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.	Mostra interese polo coñecemento dos deberes fundamentais da persoa.
	<i>Educación en valores:</i> O compañeirismo.	Participa nas actividades de grupo con actitude de cooperación e axuda. Valora o sentimento de benestar que produce nos demais e en nós mesmos compartir, axudar, cooperar, etc.

<p><i>Conciencia e expresións culturais.</i></p>	<p>Aprender e recoñecer as características das construcións tradicionais galegas.</p> <p>Aprende cancións populares e xogos propios do patrimonio popular galego.</p>	<p>Recoñece as características das construcións tradicionais galegas.</p> <p>Descubre e xoga coas cantigas e lendas tradicionais.</p> <p>Aprende algún retrouso, xogo ou encadeado para aumentar a bagaxe cultural e recoñecer o patrimonio oral da lingua galega.</p>
--	---	--

6. TAREFAS

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF) / Libro dixital (LD)

Tarefa 1: Gozamos coa lectura do texto «O último dragón»

- Lemos o texto expositivo «O último dragón» e observamos as fotografías da lámina inicial; tamén podemos activar a animación do LD.
- Seguimos as suxestións metodolóxicas da PD.
- Realizamos as actividades do LA e do LD.
- Realizamos as actividades, para ampliar os contidos da PD.
- Realizamos as actividades interactivas do LD.

Tarefa 2: Aprendemos as letras

- Coñecemos as consoantes e os dígrafos *ñ, h, nh, f, ll, ch* coas diferentes actividades de discriminación visual, auditiva, expresión oral e escrita do LA.
- Realizamos as actividades do LD.
- Realizamos as actividades da PD, que se amplían con poemas, adiviñas, xogos e trabalinguas.
- Continuamos a tarefa de aprendizaxe cooperativa para realizar unha caixa-vocabulario.

Tarefa 3: Coñecemos os animais: mamíferos, domésticos e salvaxes, e carnívoros, herbívoros e omnívoros.

- Observamos o mural *Os mamíferos. As aves* coas suxestións metodolóxicas da PD.
- Realizamos as actividades do LA.
- Realizamos actividades complementarias, xogos e traballo cooperativo da PD.
- Completamos con actividades interactivas do LD.

Tarefa 4: Aprendemos a lingua: O artigo indefinido

- Coñecemos o artigo indefinido como presentador e observamos o seu uso diante do nome; realizamos as actividades do LA e seguimos as suxestións da PD.
- Realizamos as actividades do LD
- Realizamos as actividades da PD, que se amplían con poemas, adiviñas, xogos e trabalinguas.

Tarefa 5: Aprendemos a importancia dos amigos e das actividades de grupo, e, algúns dereitos e deberes das persoas.

- Realizamos as actividades do LA.
- Realizamos actividades complementarias e traballo cooperativo da PD.
- Completamos coas fichas de reforzo e ampliación dos RF de Ciencias.

Tarefa 6: Expresámonos oralmente e por escrito: A descrición dun animal

- Realizamos as diferentes actividades do LA para escribir unha breve descrición dun animal. Seguimos as indicacións da PD para explicarlles as pautas que deben seguir e a orde da información.
- Realizamos as actividades do LD
- Realizamos as actividades da PD.

Tarefa 7: As construcións tradicionais galegas.

- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD para estes contidos.
- Realizamos as tarefas do LA.
- Ampliamos os contidos cos recursos da PD: especialmente os xogos tradicionais recollidos nos apartados de Recursos que permiten un traballo de integración dentro do propio grupo e con outros grupos do colexio.
- Realizamos as actividades do LD.

Tarefa 8: Repaso da unidade

- Realizamos as actividades de repaso do LA.
- Realizamos as actividades complementarias da PD.
- Completamos coas fichas de reforzo e ampliación dos RF.

7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Utilización da lámina inicial da unidade para a presentación de contidos.
- Audición das lecturas correspondentes do CD e emprego do libro dixital para realizar as actividades como elementos motivadores.
- Seguemento da lectura que pode ser dramatizada por varios nenos.
- Utilización de diferentes agrupamentos que favorezan o traballo cooperativo e o intercambio de opinións entre os iguais.
- Traballo individual ou en pequeno grupo para afianzar os conceptos da unidade.
- Traballo en grupo cooperativo: agrupar os alumnos en grupos de 3 ou 4 e empregar as estruturas de aprendizaxe cooperativo suxeridas na guía do profesor para traballar os principios de definición de obxectivo grupal, interdependencia positiva e interacción cara a cara.
- Dramatización de situacións cotiás relacionadas cos animais e coa nosa relación cos demais.
- Desenvolvemento de habilidades de expresión oral e escrita mediante a aprendizaxe de xogos, dramatizacións, cancións e poesías da unidade.
- Emprego e fomento do aspecto lúdico e creativo da linguaxe.
- Utilización de diferentes fontes de información para obter información relevante sobre os contidos da unidade.

8. RECURSOS

- Cadernos complementarios. Este proxecto ofrece cadernos complementarios de **Aprendo a ler, Aprendo a escribir**
- Recursos fotocopiáveis da Proposta Didáctica. Para esta unidade podemos atopar recursos fotocopiáveis de Reforzo, Ampliación e Comprensión lectora nos Recursos fotocopiáveis.
- Mural da unidade: *Os mamíferos. As aves.*

Recursos dixitais

- Libro dixital. Os alumnos e alumnas poderán reforzar os contidos estudados a través do libro dixital. Nel ofrécese a versión en audio do poema ademais de actividades interactivas.
- CD que acompaña a proposta didáctica, cos recursos fotocopiáveis.
- A continuación recóllense algúns enlaces web de interese:
 - <http://anayadigital.es>
 - <http://www.orellapendella.org> Esta páxina web recolle infinidade de cantares, enleados, ditos e retrosos populares. Moi ben organizada e con constantes actualizacións.
 - <http://www.coordinadoraendl.org> Nesta web podemos atopar moitos recursos en lingua galega para desenvolver os contidos do curso cos nosos alumnos e alumnas.
 - <http://galiciaencantada.com> Nesta web podemos atopar abundantes recursos sobre elementos máxicos e seres míticos da cultura tradicional galega.

9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Rexistro de avaliación (no anexo de Avaliación).
- Proba de avaliación da unidade (nos Recursos fotocopiáveis).

10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades observo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais observo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender as necesidades individuais?

11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos acadaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o vindeiro curso? Por que?